

VEYEZ



↓ Manuel García-Galano

Envejecemos. Miyor dito, a sociedade envejece. Dican os que se dedican al estudio d'estas cousas que nel último medio siglo a esperanza de vida aumentou en veinte anos. Eu nun lo sei, pero lo que si sei é que, botando el oyo a estas terras d'Entrambasaugas nas que vivimos, nun hai d'uda de qu'os veyos, y hasta os mui veyos, aumentaron —aumentamos— muito. Nun fai falta máis que mirar al redor noso y reparar na xente pra comprobalo. Esto atribúyenlo os estudiosos da cuestión a varias razóns entre as que sobresa a miyor calidá de vida da que se disfruta agora. As atencións sociosanitarias de qu'hoi dispoñemos —poño por caso— nun tein nada que ver cuas que tiveron os nosos antepasados, y elo, amecido a outra serie máis ou menos larga de probas, fai qu'a edá da xente tenda a alongarse.

Esta cuestión da vevez esmole a os gobernos que, por medio d'asambleas, consejos y comisións, dedícanse al estudio dos problemas —que son muitos— derivados del envejecemento da poboación. Tamén preocupan —cómo non— a os que chegan a estas edades avanzadas: as enfermidades (y, dentro d'elas, as crónicas), as incapacidades, a soledá (que fai trembar a máis d'ún), a dependencia, é dicir, el ter que valirse de daquén pra fer cualquera das funcións da vida diaria...

Y é que, como sole dicirse, nun se trata solo de dar máis anos á vida, sinón tamén de dar máis vida a os anos. Y eso costa. Por eso as comisións qu'estudian estas cousas falan d'asistencia sociosanitaria máis humanizada, d'axudas a domicilio, d'aumento das prazas de residencias —inda poucas—, da teleasistencia pra os que viven solos, etc., etc. É dicir, trátase d'ir achegando a os veyos úa serie de recursos, algúns d'elos inda scrodos pra estas zonas unde a poboación ta máis esfaragayada.

Peró, volvendo al encabezamento, envejecemos. Y este feito que naide discute porque é evidente, vai parexo con outro que tamén esmole de verdá, qu'é a gran baixa da natalidá: nacen mui poucos nenos, muitos menos que condo éramos nenos os qu'hoi somos veyos. Hoi xa nun se ven aquelas casaradas nas qu'os nenos vivían ás veces apeteirados. Quixen eu comprobar nel Rexistro Civil de Tapia as diferencias de nacementos na segunda mitá del siglo pasado y resultou que, mentras nel ano 1950 aparecen rexistrados 103, nel ano 2000 nomáis aparecen 30. El porcentaxe de baixa queda ben á vista. Así que, entre que nacen muitos menos nenos y qu'úa búa parte da xuventú tende a fuxir pra fora en conto que pode, el paisaxe qu'espera a os pueblos —xa lo tamos vendo—, con tan pouca xente nova, nun é pra dar agayo. 